



## **EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA MANIFESTO DOS ALCALDES E ALCALDESAS DO BNG**

1.- Os alcaldes e as alcaldesas do BNG vemos con moita preocupación o deterioro da sanidade pública como consecuencia de trece anos de recortes e privatizacións do Goberno do PP, que se ten convertido nun perigo para a saúde dos galegos e das galegas. De feito, consideramos que o PP ten unha estratexia de voadura programada da sanidade pública en beneficio da privada.

2.- O Goberno do PP ignorou premeditadamente a súa responsabilidade de planificar e de organizar o bo funcionamento do sistema público de saúde, tanto no que se refire á correcta dotación de persoal, á mellora da atención primaria e á dotación do financiamento que permita á sanidade pública ter os medios necesarios para garantir o dereito á saúde da poboación.

3.- Denunciamos que nesa voadura programada, os recortes son peza clave. De tal xeito que atención primaria, en euros constantes, dispón hoxe de 300 millóns de euros menos que en 2009. Igualmente, denunciamos unha total falta de planificación do Goberno do PP que, durante anos, nada fixo para afrontar o relevo do persoal sanitario, malia coñecer as xubilacións previstas. O déficit de persoal derivado desa deliberada inacción política agrávase coas baixas e coas vacantes existentes.

4.- Denunciamos que o Goberno do PP converteu en norma a precariedade laboral e o sobre esforzo permanente do persoal sanitario, convertendo en habitual prácticas como a prolongación de xornada, a non cobertura das baixas do persoal ou a substitución por vacacións. Un maltrato permanente que inflúe negativamente tanto na saúde dos profesionais da sanidade pública como na calidade asistencial que recibe a cidadanía.

5.- Denunciamos que esas condicións de precariedade e de maltrato explican en grande parte a fuxida de profesionais, en particular en atención primaria, como constata o feito de que arredor do 30% dos médicos e médicas que cursan o MIR de atención primaria renuncian a praza. Ao que se suma o dato de que 109 facultativos solicitaron o permiso para exercer fora de Galiza, despois de terse formado aquí.

6.- Denunciamos que nos nosos concellos temos un déficit sanitario que vai en aumento e que impacta negativamente na saúde dos nosos veciños e veciñas, situación que se agrava ante calquera proceso vírico que afecte á poboación ou en época estival.

7.- Os concellos do BNG non imos aceptar como normal que haxa listas de espera de até quince días para poder ter unha cita presencial nos centros de saúde, nin que haxa PACs sen facultativos, nin que se supriman as urxencias en primaria, nin que haxa miles de nenos e de nenas nos nosos concellos sen pediatra asinado, nin que a nosa veciñanza

teña que soportar urxencias hospitalarias saturadas con horas de espera para recibir atención.

8.- Esiximos ao Goberno do PP, en particular ao señor Rueda como máximo responsable do Executivo, que deixe a súa soberbia e a súa prepotencia ante a cidadanía, que deixe de faltarlle ao respecto aos galegos e ás galegas, que saen a rúa masivamente para facer o que o presidente da Xunta debería facer: defender unha sanidade pública de calidade.

9.- Os alcaldes e alcaldesas do BNG proclamamos o noso compromiso reforzado de ser axentes activos na defensa dunha sanidade pública de calidade e universal e esixímoslle ao PP que rectifique a súa estratexia de acoso á sanidade pública a base de recortes e privatizacións, que pon en risco a saúde e a vida dos nosos veciños e veciñas e do conxunto da cidadanía.

10.- Os alcaldes e alcaldesas do BNG proclamamos que imos estar sempre do lado da cidadanía en defensa do sistema público de saúde, tanto desde as institucións como na rúa, e que loitaremos ao seu carón en defensa do dereito a saúde.

### **Ante a estratexia do PP de recortar na sanidade pública para favorecer o negocio privado, os alcaldes e alcaldesas do BNG establecemos as seguintes prioridades:**

1.- Plan de choque de 200 M€ para sacar Atención Primaria do colapso.

2.- Incremento progresivo do investimento en atención primaria até acadar o 25% do total do orzamento destinado á sanidade, como recomenda a OMS.

3.- Recuperar as xerencias en Atención Primaria, con orzamentos específicos e con capacidade resolutiva.

4.- Plan de choque para acabar coas listas de espera na atención hospitalaria, reactivando as intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas e consultas para rebaixar as elevadísimas listas de espera.

5.- Dotar aos centros de saúde de novos servizos sanitarios, incorporando psicoloxía clínica, tendo en conta que o 30% das consultas están relacionadas coa saúde mental. E outras como logopeda, terapeutas ocupacionais, podoloxía, optometría, etc.

6.- Garantir a presenza de equipos completos precisos en todos os PACs do País, porque se trata das urxencias de primaria.

7.- Garantir a existencia de atención pediátrica en todos os concellos.

8.- Reabrir todos os consultorios pechados durante a pandemia pero que, unha vez normalizada a situación, o Goberno do PP non restitúe dando un paso máis na súa estratexia de recortes.

9.- Poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de persoal sanitario, con ofertas competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais, para evitar que sigan marchando fora do sistema público tras a súa formación.

10.- Dotar ao servizo de transporte sanitario urxente dos medios necesarios, tanto no que se refire a ambulancias e ambulancias medicalizadas, como a persoal cualificado.